

PEZA DO MES

abril

2001



FONTE DE SARGADELOS.

DATAÇÃO: 3ª ÉPOCA (1845-1862)

MEDIDAS: 22 x18,5 x2 cm.

TÉCNICA: ESTAMPACIÃO

NºR: 3.935

FONTE MONOCROMA EN NEGRO, CO TEMA PAISAXÍSTICO TIPO “GÓNDOLA”, TÍPICO DA TERCEIRA ÉPOCA DE SARGADELOS (1845-1862), DESTACABLE POLA CALIDADE, VARIÉDADE E DECORACIÃO DAS PEZAS. A CERÁMICA CONSTITÚE UN DOCUMENTO DE PRIMEIRA ORDE PARA O ESTUDIO DA CAPACIDADE TÉCNICA DUNHA SOCIEDADE, DOS SEUS USOS E GUSTOS ESTÉTICOS.





D. ANTONIO RAIMUNDO IBÁÑEZ

FONTE DE SARGADELOS

No último tercio do século XVIII, Galicia, terra agraria, pesqueira e cun modo de produción casi medievalista, vese axitada polos movementos iniciais dun cambio sen precedentes na historia: a industrialización.

Un grupo de ilustrados como o Padre Sarmiento, Cornide, Somoza, illadamente ou ben reunidos en sociedades como a Sociedade Económica de Amigos do País, plantexan nos seus escritos o futuro industrial de Galicia. Dende o poder, Raxoy, Malvar e Acuña, entre outros, impulsan novas ansias de renovación e progreso.

Será neste contexto onde destacará unha persoa clave na historia industrial galega, D. Antonio Raimundo Ibáñez, nado en 1749 en Oscos, Asturias. Establecido en Ribadeo, onde casa e ocupa certos cargos municipais, inicia as súas primeiras facetas comerciais nas que triunfa polo seu carácter “desperto, audaz e perseverante”.

A partires de 1791 cobra forma o verdadeiro complexo industrial de Sargadelos, perto de Cervo, en Lugo. Compra terreos, expropia os bosques adxacentes, constrúe fornos, fábricas, oficinas e casas para obreiros, é decir unha verdadeira colonia ó servizo dun proxecto industrial. Amparándose na Real Carta do 5 de xaneiro que o autoriza para establecer ferrerías e fábricas de olas, concibe unha empresa

con certa planificación integral, baseada nos recursos e a potencialidade da comarca. Das súas fundicións saen artigos de ferro, sobre todo de consumo doméstico; máis tarde estende a súa produción a municións e pertrechos de guerra que serven para abastecer ó exército español nas continuas guerras con Francia e Inglaterra, a fins do século XVIII.

Naquela época a industria cerámica española carecía de tipos que ofrecer ó uso cotián dos fogares que aspiraban a un certo decoro e beleza, por un lado estaban as porcelanas finas e costosas do Buen Retiro, doutro as de carácter popular de Talavera da Reina, Levante ou Andalucía. Non existía un tipo medio que poidese atender as necesidades dunha burguesía ascendente, importábanse de Francia e Inglaterra en grandes cantidades, pero con ambos países estábamos en guerra e o mercado estaba ansioso deste artigo.

Nestas premisas asentan os propósitos de Ibáñez, ofrecer ó público unha cerámica utilitaria, a diferenza da porcelana cara ou de uso popular, tosca e realizada en barro. As terras de Cervo, ricas na súa composición, con caolín fino e abundante, eran propicias para aborda-lo intento dunha nova industria. Así en 1804, ó tempo que segue coas fábricas de fundición, establece a Real Fábrica de Louza, iniciando en 1806 os primeiros pasos, encamiñados a fabricar louza a imitación da inglesa de Bristol, moi prestixiosa e aceptada entre a clase acomodada e que se importaba en grandes cantidades a Galicia. Estes ensaios non tardan en dar os primeiros froitos, Madoz revélanos no seu diccionario que en só 27 meses, Sargadelos consegue un lugar distinguido e rivalizar nas súas manufacturas coas mellores fábricas do estranxeiro, producir ata 104 fornadas de louza ó día e aloxar entre ambas fábricas a máis de 1.000 familias, a 205 carros con 300 parellas de bois e 22 buques no porto de San Cibrao.

Aínda que as vendas tiñan en Galicia o principal centro, abrénsese mercados noutras rexións como Cataluña e Andalucía, tamén en ultramar. Ningún tipo de louza, ben sexa utilitaria, ornamental, relixiosa, conmemorativa ou decorativa quedou fora de fabricación ou venda. No catálogo de 1847 ofrécense nada menos que 254 pezas distintas.

Entre os estudiosos da cerámica de Sargadelos o primeiro que sistematiza as súas épocas é Bello Piñeiro, facéndoas coincidir coas diversas compañías administrativas. Será Filgueira Valverde o que establece o esquema máis aceptado, definíndoas brevemente da seguinte maneira: “*la loza blanca, creación de la primera etapa, representa todavía la tradición neoclásica; la estampada a partir*

de la segunda el romanticismo; la pintada a mano, en la tercera y cuarta, anuncia el popularismo realista”.

Esto pódese observar no esquema trazado polo autor e que aquí reproducimos.

O exemplar estudiado pertence a terceira época (1845-1862), caracterizada polo gusto inglés e o marcado influxo técnico do seu director Forester. Este reorganiza a fábrica aportando: persoal estranxeiro (inglés, francés), novos adiantos tales como a estampación con prancha metálica, que permite maior gama cromática, reflexada nunha decorativa variedade temática, tamén moldes ingleses cos que se logran novas texturas e formas. Estas características fan que esta etapa sexa a máis importante e coñecida, tanto pola variedade das pezas, a calidade e as súas decoracións, perdurables anos máis tarde en louzas como a de Pickmann e a Cartuja de Sevilla.

Nesta pequena fonte, monocroma en negro, destaca o tema paisaxístico tipo “Góndola”, con xardín e balaustrada coroada por un decorativo xarrón en primeiro termo, embarcación nas beiras dun río e altas montañas con arquitecturas exóticas. No bordo, greca con parello paisaxe alternado con flores. Cabe suliñar neste a errata sufrida no proceso da súa estampación, fallos moi buscados entre os coleccionistas. Tecnicamente cabe destacarse o proceso de



DETALLE DA ERRATA DE ESTAMPACIÓN

ciais dos artistas ou os números correspondentes ós tamaños das pezas.

Sargadelos, en á penas 70 anos, pasaría do esplendor á decadencia, sendo o peche definitivo

| ÉPOCAS | AÑOS | EMPRESA | DIRECCIÓN | TIPO PRINCIPAL | EJEMPLARES CARACTERÍSTICOS |
|---------------------------------------|-----------|-------------------------------------|--|--|------------------------------------|
| Primera (Carlos IV y Fernando VII) | 1806-1832 | Ibáñez | José Correa de Sá(1806-1829) Hilario Marcos (1829-1832) | Blanco crema | Placa, floreros, jarrones |
| Segunda (Regencia) | 1835-1842 | Ibáñez y Tapia | M. Richart | Blanco pintado. Primeros estampados | Vajilla. Lamparillas “de castillo” |
| Tercera (Isabelina) | 1845-1862 | La Riva y Cia. | Edwin Forester | Loza estampada e iluminada a mano. “China opaca” estampada “Pincelistas” | Vajilla. Figuras |
| Cuarta (Revolución) | 1870-1875 | Ibáñez. Ibáñez, Atocha y Morado. | Carlos Ibáñez | “China opaca” iluminada a mano. “Pincelista” | Vajilla |

“estampación”, que consiste en imprimir ó motivo temático mediante unha prancha metálica, previamente entintada e engrasada, nun papel moi fino que se adhira como unha calcomanía ó corpo da peza, retírase con auga e logo fíxase no forno de cocción. Este proceso era máis rápido que o realizado a mán, e podíanse facer series moi longas.

En canto ás Marcas empregadas foron cerca de 25, incisas na primeira e segunda época e gravadas nas dúas restantes, aparecen as veces as ini-

trala súa ruína en 1875, froito dos acontecementos xurdidos a raíz da trágica morte do seu fundador, ós sucesivos cambios na dirección da factoría e ós diversos vaivéns industriais e financeiros que non lograron superarse.

Na actualidade fálase dunha 5ª época, iniciada en 1963 trala iniciativa de Isaac Díaz Pardo e a colaboración de pintores como Luis Seoane ó buscar novas rutas co Laboratorio de Formas. Froito deste éxito son o Museo Carlos Maside e a Editorial “O Castro”.

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Milagros Conde Sánchez. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.
MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L. DEPÓSITO LEGAL: VG-304-2001



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

